

Hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios

Recoñecemento e aplicación das técnicas de hixiene baixo as normas actuais, e mantemento de utensilios e ferramentas.

CONCEPTOS BÁSICOS PARA A LIMPEZA E O ESTADO ÓPTIMO DOS UTENSILIOS, APARELLOS E O POSTO DE TRABALLO: métodos de limpeza, desinfección e esterilización.

Seguridade e Saúde no Traballo: defínese como a actividade orientada a crear as condicións óptimas para que o traballador poda desenvolver a súa labor profesional eficientemente e sen riscos, evitando danos que podan afectar a saúde, integridade, e o medio ambiente.

Prevención: acción ou efecto de prevenir.

Hixiene: por un lado significa limpeza e é tamén o sistema ou método adiado á prevención de enfermidades. Refírese a todo aquilo que contribúe a manter en perfectas condicións de limpeza, desinfección e esterilización todo o que entra en contacto coa pel do profesional ou do cliente.

Limpar: eliminar a sucidade de lugares ou obxectos co fin de actuar sobre os factores ambientais que poden afectar tanto á saúde individual como á saúde pública, así como contribúe ao embelecemento dos obxectos e os espazos.

Desinfección: eliminación parcial de microorganismos patóxenos e non patóxenos, para eliminar a súa reprodución e contaxio.

- **Desinfectantes:** uso sobre superficies ou obxectos inanimados para evitar a transmisión de enfermidades contaxiosas.
- **Antisépticos:** uso nos seres vivos e aplícanse sobre a pel, mucosas ou calquera outro tecido.

Esterilización: eliminación total de xérmenes patóxenos ou non patóxenos incluídos virus, e esporas. Segundo as súas características e a súa función pódense clasificar en:

- **Bactericidas.**- eliminan as bacterias.
- **Funxicidas.**- eliminan os fungos.
- **Virucidas.**- eliminan os virus.
- **Esporicidas.**- eliminan esporas.

TIPOS DE CONTAMINANTES

Os contaminantes poden ser:

Macroscópicos: son aqueles que poden verse a simple vista como o polvo.

Microscópicos: son aqueles que so se poden ver ao microscopio como os microorganismos.

Poden ser clasificados en:

Contaminantes físicos: polvo, cabelos.

Contaminantes químicos: formaldehído, amoníaco, cloro, ozono.

Contaminantes biolóxicos:

- bacterias** (estafilococos, estreptococos),
- virus** (herpes, herpes zóster, VIH),
- fungos** (pitiríases, tiña...),
- parásitos** (piollos).

MÉTODOS DE LIMPEZA

Os métodos de limpeza poden ser de carácter físico ou químico e podemos clasificalos en:

- **Arrastre:** coa axuda de panos, basoiras, estropaxos ou cepillos
- **Inmersión:** somerxendo obxectos no produto de limpeza.
- **Fricción:** raspado.
- **Pulverización:** en spray ou aerosoles, aplicación do produto cun vaporizador en forma de pequenas gotíñas e logo arrastre con panos.
- **Loción o impregnación:** limpeza dos utensilios impregnados ca solución limpadora.
- **Adsorción:** aplicación de limpiador poroso, xeralmente en polvo.
- **Detersión:** produtos tensioactivos.
- **Vaporización:** con vapor a presión.
- **Aspiración:** aparellos como aspiradores.

Medidas de hixiénicas de útiles e ferramentas

Medidas xerais:

-O material que vamos a utilizar no proceso de corte do cabelo debe estar en condicións de hixiene e desinfección antes do seu uso.

-A limpeza debe realizarse inmediatamente despois do seu uso.

- Os equipos limpos e sucios, deben estar por separado dentro del área de traballo para evitar una posible contaminación.
- Una correcta practica de lavado y posterior desinfección o esterilización de equipos, instrumental y superficies, reduce masivamente la carga microbiana que da lugar a las enfermedades e infeccións.

Medidas para a lencería:

- Toda a lenzaría (toallas, batas, peiteadores, capas, etc., han de estar en perfectas condicións hixiénicas e de conservación , renovándose con cada cliente.
- Debe ser mantida y almacenada en condiciones hixiénicas y de limpeza óptimas, o ben utilízalas expresamente de un solo uso y renovadas para cada cliente.
- Antes do seu uso , permanecerán en perfectas condicións de limpeza conservación e orde nun sitio específico , resgardados de po e pelos e de fácil acceso .
- Unha vez utilizadas deben recollese nun recipiente dedicado a ese fin.
- Lavaranse con auga quente a 60º e deterxente (pódese engadir unhas gotas de amoníaco ,no caso de ter utilizado produtos, xa que axuda na eliminación da graxa) .
- Recoméndase desinfectar a lencería: ou poñéndoa de remollo durante 30` en auga con lixivia (a un 10%) antes do lavado.
- A esterilización realizarase con pranchado a altas temperaturas.

Medidas para útiles

- Primeiro lavar** en auga con deterxente (pódese engadir unhas gotas de amoníaco para desengraxar mellor).
- Recomndase desinfectar poñéndoos de remollo durante 30` en auga con lixivia (a un 10%) antes do lavado , en alcohol de 70º, ou en produto xermicida durante 5 min.
- Esterilizar en Autoclave a 120ºC durante 20` (si o material así o permite) ; na lámpada xermicida con ondas ultravioletas C (débense xirar os útiles para que a luz desinfecte toda a superficie).



Medidas para ferramentas cortantes:

-Todas as ferramentas que poidan atravesar a pel deberán ser na medida do posible unipersoais e desbotables.

-As ferramentas deberán:

1º Limpar eliminando os restos de cabelos cortados con auga ou un cepillo.

2º Desinfectar: pasando un algodón mollado en alcohol de 70º , na lámpada xermicida de luz ultravioleta C , en auga con lixivia ao 10% durante 20 min., somerxendo en glutaraldehido ó 2% durante 10 min.

Alcohol en aerosol de 70º



Produto xermicida
ultravioleta



Lámpada luz



3º Esterilizar: somerxendo en auga e ferver durante 20 min, en Autoclave (con vapor) durante 20` a 120º, en Forno de Pasteur (con aire quente) entre 20-30 min. ou no forno de perlas de cuarzo a 250ºC entre 10-20 segundos.

Fornelo de perlas de cuarzo



Forno Pasteur



Autoclave (non soe utilizarse polo seu alto custo)



-Tirar os elementos corto punzantes unha vez utilizados, en recipientes de paredes ríxidas resistentes a punción.

